

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 29 DE XULLO DE 2008

LICENZAS

FAVORABLES.-

- 1357/08.- Uneda 2000, S.L.-** Ampliación de planta de soto do edificio proxectado na parcela 9 do SUNP-17 do Paxonal.-
- 1882/06.- Inmobiliaria Cimbrador, S.L.-** Edificio (23 viv.) na Rúa Betanzos.-
- 349/08.- José Alejandro Sanjiao Domínguez.-** Viv. unif. en Monte da Vila, A Peregrina.-
- 1802/07.- Roberto Sánchez Grela.-** Viv. unif. en Lameira de Marantes.-
- 126/08.- Manuel Pereira Seoane.-** Rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar sita na Rúa da Pena núm.5.-
- 241/08.- Manuel Bello Domínguez.-** Viv. unifamiliar en Xesteira.-
- 827/08.- Fernando Fraga Varela.-** Viv. unif. en Rúa Cima da Eira núm.13.-
- 136/08.- Patricia Mónica Leborán Regos e D. Agustín Alejandro Corsaro.-** Legalización de construción existente adicada a vivenda unifamiliar e ampliación do garaxe da mesma, sita na Rúa Castiñeira Grande núm.19.-
- 1355/08.- Comunidade de Propietarios do Edificio sito na Rúa San Pedro de Mezonzo núm.28-B.-** Reforma de portal e cambio de ascensor na R/ San Pedro de Mezonzo núm.28-B.-
- 1356/08.- Comunidade de Propietarios do Edificio sito na Rúa San Pedro de Mezonzo núm.28-A.-** Reforma de Porta e cambio de ascensor.-
- 675/08.- M^a Isabel Vidal Maza.-** Derruba e nova construción de viv. unif. na Rúa Castiñeiriño núm.52.-
- 804/08.- Juan Carlos Gómez Louzao.-** Ampliación e reforma de viv. unif. na Travesía do Viso núm.2.-
- 2616/07.- Once.-** Instalación dun quiosco modelo Miño na Rúa República do Salvador á altura do núm.23.-
- 1967/07.- Angel Pardo Fidalgo.-** Edificio (4 viv.) na R/ Rosalía de Castro núm.164.-
- 1537/08.- Universidade de Santiago.-** Centro de Investigación Médica (CIMUS), na parcela EU-7 do SUP-5 de Choupana.-
- PARCELACIÓN.-**
- 2531/07.- Francisco Otero Pazos.-** Parcelación en Sta Lucía (+).-

OCIHR

LICENZAS

FAVORABLES

- LIC/814/2008.- CAIXANOVA.-** Rehabilitación dun edificio para Centro Social Caixanova na Praza de Cervantes nº 14-20.
- LIC/1855/2007.- SOLAR DE TEMES S.L.-** Rehabilitación de edificio de baixo comercial e vivenda na Rúa de San Pedro nº 70.
- LIC/535/2006.- TRINIDAD GARCIA IGLESIAS.-** Construción de edificio para 2 vivendas e 1 local comercial na Rúa dos Basquiños nº 11.
- LIC/533/2006.- TRINIDAD GARCIA IGLESIAS.-** Derruba de edificio de planta baixa e dúas plantas na Rúa dos Basquiños nº11.
- LIC/298/2008.- MARÍA JESÚS ROMAR TROITEIRO.-** Rehabilitación parcial dun edificio na Rúa de San Roque nº 25

4.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á concesión de apoio a un proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial ALECRIN FILMS como iniciativa local de emprego, o que supón a autorización do uso de instalacións do Centro de Formación Ocupacional de Sanxuás de Aríns e o acceso ás actividades formativas que realice o Concello ao longo do ano a través do Servizo de Asesoría para o Emprendemento.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á autorización do uso de diversos campos municipais.

Apróbase a concesión para a temporada 08/09 e con carácter gratuíto do Estado Municipal de San Lázaro e do campo anexo San Lázaro II aos primeiros equipos do Campus Stellae, SD Ciudad de Santiago e Santiago de Compostela CF para disputar os encontros oficiais de liga, copa e outros nos que xoguen como locatarios.

6.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa ao peche dos convenios entre o Concello, o IGVS e o Ministerio de Vivenda para actuacións de rehabilitación, fases 1ª a 6ª.

Dáse por finalizada a execución dos correspondentes convenios.

7.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa á aprobación do gasto e adxudicación do programa KAMELAMOS GUINAR dirixido a nenos e adolescentes do colectivo xitano.

Adxudícase a contratación para o desenvolvemento do programa Kamelamos Guinar á Fundación Secretariado General Gitano por importe de 11.950 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Circulación relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación do subministro de sinais para a nova instalación e reposición das actuais nas vías de titularidade municipal.

Adxudícase provisionalmente o contrato para o citado subministro á empresa API MOVILIDAD, SA, por importe de 46.728 euros.

9.- Aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano, para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais.

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 24.054 euros.

10.- Adxudicación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano, para o control e prevención da contaminación por lexionela nas instalacións deportivas municipais durante un prazo de 3 meses.

Adxudícanse os traballos durante o prazo de 3 meses a contar desde o 29 de xullo á empresa ARUMIA, SL por un importe total de 6.975 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á aprobación do proxecto modificado das obras de substitución da rede de abastecemento na Avenida de Castelao, e a súa adxudicación.

Apróbase o proxecto modificado das obras, que supón un incremento de 52.548 euros sobre o proxecto inicial, así como a adxudicación das obras que nel se comprenden á empresa adxudicataria da obra principal, AQUAGEST, SA, por un importe de 39.937 euros. O prazo de execución das obras estímase en tres meses.

12.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle das edificacións de vivenda unifamiliar (ordenanza R.2) do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 4 (SUNP-4). Camiño Francés, Canelas.

Apróbase inicialmente o estudo de detalle das edificacións de vivenda unifamiliar do SUNP-4 das Canelas segundo o proxecto presentado pola Xunta de Compensación. O proxecto someterase a información pública durante o prazo de 20 días.

13.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle das edificacións do solo urbanizable non programado número 11 (SUNP-11). Castiñeiriño.

Apróbase inicialmente o estudo de detalle das edificacións do SUNP-11 do Castiñeiriño segundo o proxecto presentado por EMUVISSA. O proxecto someterase a información pública durante o prazo de 20 días.

14.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial da Modificación puntual do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 11 (SUNP-11) do Castiñeiriño.

Apróbase inicialmente a modificación puntual do plan de sectorización do SUNP-11 do Castiñeiriño segundo o proxecto presentado por EMUVISSA. O proxecto someterase a información pública durante o prazo dun mes.

15.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle das edificacións do solo urbanizable non programado número 12 (SUNP-12) de Lamas de Abade.

Apróbase inicialmente o estudo de detalle das edificacións do SUNP-12 de Lamas de Abade. O proxecto someterase a información pública durante o prazo de 20 días.

16.- Proposta da concelleira delegada de Cidade Histórica relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle do polígono 39 da Revisión do Plan xeral de ordenación municipal. Casas do Rego.

Apróbase inicialmente o estudo de detalle do polígono 39 do Plan xeral (Casas do Rego), segundo o proxecto presentado por CONSTRUCCIONES OTERO POMBO, SA. Así mesmo, apróbase como sistema de actuación o de compensación, de acordo co solicitado polos propietarios de máis do 50% da superficie do polígono. O proxecto someterase a información pública durante o prazo de 20 días.

17.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do Plan parcial do solo urbanizable delimitado número 14 (SUD-14). Monte do Seixo.

Apróbase inicialmente o plan parcial do solo urbanizable SUD-14 Monte do Seixo segundo o proxecto presentado por APROCOSA DE XESTIÓN, SL.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Relacións Veciñais relativa á aprobación da realización de 11 viaxes do programa COÑECENDO O PAÍS, e calendario.

Apróbase a realización e o calendario coas 11 viaxes pendentes de adxudicar, así como a adxudicación das referidas viaxes á empresa HEMISFERIOS, por importe de 7.875 euros.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á contratación dos traballos de impresión do ESTATÍSTICO 2008.

Apróbase a contratación dos traballos de impresión do Estatístico 2008 á empresa ARTES GRÁFICAS LITONOR por importe de 14.465 euros.

URXENCIAS

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno da concesión dunha prórroga por parte da Deputación da Coruña na vixencia do convenio para o financiamento da construción do Centro de Recursos e Servizos Integrais á Empresa (CERSIA) ata o 30 de novembro de 2008. Así mesmo, a Xunta de Goberno queda enterada do reaxuste de medicións do Proxecto Básico e de execución do edificio. Desígnase como arquitecto municipal responsable da obra a Tomás Rivas.

2.- Acórdase solicitar á Consellaría de Industria e Innovación unha subvención para o desenvolvemento do programa Concellos dixitais 2008-2009, no marco do Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información e o Plano Avanza. O importe que se solicita é de 133.372 euros para a realización de actuacións en materia de modernización e informatización (por exemplo: utilización do DNI electrónico, autoliquidación de tributos, integración das distintas canles de comunicación co cidadán, actividades formativas relacionadas coa utilización das TIC, etc.).

3.- Apróbase o proxecto e o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a contratación do subministro e instalación de elementos de xogo infantís no CEIP Pío XII por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 34.863 euros.

4.- Apróbase o proxecto de equipación da Casa das Asociacións de Servizos Sociais por un importe total de 114.884 euros. A esta cantidade súmase a recibida pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial por importe de 57.442 euros.

5.- Adxudícase a contratación do servizo de implantación, xestión da dirección, elaboración e redacción da Carta de Servizos no servizo de Xestión, Recadación e Inspección do Concello á empresa OBZ CALIDAD E INNOVACIÓN, SL, por importe total de 14.848 euros.

6.- Apróbase a realización de tres servizos docentes para cubrir a actividade docente do curso de Cantería con tres expertos cun importe total de 18.315 euros.

7.- Apróbase a realización de tres servizos docentes para cubrir a actividade docente do curso de Ferrallista con tres expertos cun importe total de 18.315 euros.

8.- Dáse conta dunha subvención por parte da Consellaría de Trballo para a realización de dous cursos (Ferrallista: 56.234 euros; Cantería: 49.776 euros) por un importe total de 106.011 euros.

9.- Apróbanse as bases para a convocatoria de subvencións a actividades dirixidas á xuventude cun orzamento de 40.000 euros.

10.- Apróbanse as bases para a convocatoria de subvencións a actividades educativas cun orzamento de 35.000 euros.

11.- Acórdase a contratación du/ha traballador/a social para o reforzo dos recursos organizativos e humanos da UMAD dende o 1 de agosto ao 15 de novembro. Custo estimado: 10.791 euros.

12.- Dáse conta da resolución da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e coas Entidades Locais pola que se aproba a liquidación definitiva da participación do Concello nos tributos do Estado correspondente ao exercicio 2006. Liquidación: 1.390.433.20 euros.